



O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 21-10-2024
ata a día 11-11-2024
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 16.09.2022, apróbanse as bases xerais, convocatoria e bases específicas que regularán o proceso selectivo para o ingreso como persoal funcionario de carreira nunha (1) praza denominada maquinista-condutor/a, escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación de Lugo, acceso libre, mediante o sistema de concurso-oposición, incluída na OEP do ano 2022 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal – artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro).

As ditas bases e convocatoria fixéronse públicas no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo núm. 224, do 29.09.2022, no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 212, do 08.11.2022 e no *Boletín Oficial do Estado* (BOE) núm. 289, do 02.12.2022.

A base xeral 12.2 sinala que *“as persoas aspirantes non propostas, pola orde establecida na listaxe das cualificacións finais, propoñeranse para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo, reguladas ao abeiro dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais á Deputación Provincial de Lugo, aprobados por resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).*

O Tribunal en sesión de data 26.04.2024, para cumprimento do sinalado nas bases xerais 12.1 parágrafo 3 e 12.2, elabora a orde de persoas non propostas para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo. Esta proposta foi publicada na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade o día 26.04.2024.

Por acordo da Xunta de Goberno de 09.08.2024, resolve definitivamente o proceso selectivo sen ter que acudir a lista complementaria (BOP 193 do 21 de agosto de 2024), polo que todas as persoas aspirantes propostas polo tribunal deben incorporarse á listaxe de emprego temporal.

Á vista de todo o sinalado, propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección dos funcionarios da Administración Local, e co establecido na base xeral 12.2 da convocatoria, Resolva:

1º.- Incorporar, ás persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se relacionan, na listaxe de emprego temporal da praza/posto/emprego de Maquinista-Conductor/a vixente.

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7UG3LCB5XM7GEIUJG4KN7HI4 | Fecha y Hora | 18/10/2024 14:14:11 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PABLO RIVERA CAPÓN | | |
| Uri de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UG3LCB5XM7GEIUJG4KN7HI4 | Página | 1/2 |



| Nº ORDE LISTAXE | APELIDOS E NOME | CUALIFICACIÓN FINAL |
|-----------------|---------------------------|---------------------|
| 1 | GUERRA TESTA, JONATAN | 34,9975 |
| 2 | PINILLA NOGUEIRA, MARCO | 21,7500 |
| 3 | FERNÁNDEZ IRAVEDRA, RUBÉN | 18,1875 |
| 4 | LENCE PÉREZ, JESÚS ÁNGEL | 17,5625 |

2º.- Que a incorporación na listaxe se realice conforme aos criterios aprobados por resolucións da presidencia do 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 39, do 15.02.2019).

3º.- Dar efectividade á listaxe na que figuran as novas inclusións dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo.

4º.- Ordenar a publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 04-07-2023
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7UG3LCB5XM7GEIUJG4KN7HI4 | Fecha y Hora | 18/10/2024 14:14:11 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PABLO RIVERA CAPÓN | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UG3LCB5XM7GEIUJG4KN7HI4 | Página | 2/2 |

